Pesca aínda non recibiu o expediente de Portos sobre o proxecto do novo fondeadero de Baiona

Escrito por M. Torres - La Voz de Galicia
Martes, 25 Setembro 2007 02:59



A Comisión de Pesca e Marisqueo abordou onte a situación do futuro fondeadero de Baiona a instancias do PP que, a través do seu deputado, José Manuel Balseiro, presentou unha pregunta parlamentaria.

O director xeral de Recursos Mariños manifestou, segundo confirmou o seu gabinete, que «o expediente do proxecto está en trámite e aínda non foi remitido á Consellería de Pesca». Antonio García Elorriaga sinalou que «a Consellería presentará o seu informe cando llo solicite Portos e, se o considera, as alegacións que estime oportunas». En todo caso, destacou, «Pesca defenderá os intereses dos pescadores e mariscadores desta zona».

Continúa en La Voz de Galicia